



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e dous de febreiro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25/01/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 25/01/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de xaneiro de 2.017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

Informes de Unión Fenosa en relación cos cortes de subministro de enerxía eléctrica que se produciron no mes de xaneiro. Recibíronse os días 13 e 15 de febreiro, interrupcións de subministro en Ordes. Comunican que a vila de Ordes se encontra alimentada por una liña de media tensión denominada Meirama 809. O día 02/01/2017 á 05:12 horas producíronse dous microcortes nesta liña. Ás 7:31 horas recibíuse unha chamada comunicando a falta de subministros na zona das Casillas, Ordes. Enviouse persoal de operación local detectándose a avaría na derivada da liña que alimenta os subministros dos transformadores do CT do instituto e CT EDAR procedéndose á súa reparación. O día 03/01/2017 producíronse novamente tres microcortes entre as 8:34 e 12:15, enviouse de novo persoal de operación local á zona non detectándose ningunha anomalía na rede propiedade desta sociedade. O día 13/01/2017 prodúcense novas interrupcións de subministro eléctrico na EMI 809, revisada a instalación localízase a avaría nas instalacións do CT EDAR, sendo esta a causa que provocou os diferentes cortes de subministro. O escrito do día 13/01/2017 informa que as 6:51 horas houbo unha interrupción do subministro eléctrico, cunha duración de corenta e oito minutos, que afectou na rede de distribución a 4.621 clientes, que tivo o orixe nas instalacións situadas en Lg. Aldea, O Regueiro, Ordes, solicitando se tomen as medidas oportunas para evitar a repetición de sucesos como este. O seguinte escrito di o mesmo, pero o corte produciuse ás 8:00 horas, cunha duración de sesenta e un minutos, tamén en Lg. Aldea-O Regueiro, Ordes, solicítase igualmente que se produza á reparación. O último corte foi tamén o día 13/01/2017, 8:08 minutos, duración setenta e un minutos, en Lg. Aldea-O Regueiro, Ordes. Comunicouse o problema a Espina e Delfín, S.L. na CT EDAR, que o solventou, desde ese momento salvo cortes puntuais polo temporal non volveu haber ningún corte de maneira continuada.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: PARTICIPACIÓN, SE PROCEDE, NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2017.

Publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (BOP nº 226, de data 29/11/2016).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Visto o voto particular do grupo político BNG.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén primeiramente o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que procede a explicar o seu voto particular coa súa proposta para o POS+ 2017. Buscan primar obras de abastecemento e saneamento, servizos básicos para os veciños. Case cincocentos mil euros. Bombeo de saneamento na Maquía en Buscás, rede de abastecemento e saneamento na Pedreira en Leira, para continuar a rede que existe nesta parroquia. Saneamento na parroquia de Pereira. Instalación dunha fosa séptica nas proximidades do río Cabrón, baixando dende o bar Ourense e despois ir facendo liña para dar servizo aos lugares de A Rúa, Pecení, Soutozar, Eirexe, Ludiño de Arriba e Ludiño de Abaixo. Pereira carece de ningún tipo de servizo de abastecemento e saneamento. Outra obra de abastecemento e saneamento no Vidueiro, Ordes. Outra das obras é a mellora da accesibilidade nas rúas da Vila, nos pasos de peóns, máis de trinta mil euros. Creación de ramplas accesibles nos pasos de peóns das rúas Víctor González Faya, cruce rúa Víctor González Faya con rúa do Recreo, cruce rúa Mestre Alfonso Lesta con rúa do Mirón, rúa Nova, rúa Rosalía de Castro. Entenden que no POS+ 2017 no que se van a investir un millón seiscentos mil euros, obras de seis mil a dez mil euros poden ser sufragadas con cargo aos fondos municipais. As obras custosas como as que propoñen entre o Casal e a AC524, pasando pola Porpalla, case cento oitenta mil euros, que esta bastante deteriorada. A estrada de Buscás ao Mesón do Vento por importe de cento sesenta mil euros. A estrada principal de Barbeiros, dende Aldeña ata o límite municipal co concello, sesenta mil euros. Acceso ao pavillón do Mesón do Vento en Ardemil, camiño Uzás-Faramilláns, camiño cruce do Seixo a Buscás a N550, camiño á Maquía no límite con Frades en Vilamaior, camiño a Pedreira en Vilamaior, camiño a Vilasuso, Beán, estrada a Fosado en Parada por Montaos, acceso a Perra, Mercurín. No plan complementario interior na Espenica, Ordes, camiño a O Pazo-Lesta, interiores na calle, Poulo. Camiño a estrada Marzoa-Cercedo, Beán. En total as obras que propoñen vense a un millón seiscentos mil euros, incluíndo os douscentos mil euros para amortización da débeda e setenta e cinco mil euros para gasto corrente. Esta é a súa proposta que van a someter a votación como voto particular.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que presentou por rexistro unha emenda ao ditame para a inclusión de dous proxectos de obras no plan complementario por se quedaban escasos os incluídos inicialmente. Un de eles é a estrada de Fosado a Parada que pertence a Montaos, e o outro é a estrada de Mesón a Barcula polo Seixo que pertence a Ardemil. Hai moitas solicitudes dos veciños de Fosado en Parada. Dende o Seixo ao Mesón utilízase moitísimo polos peregrinos, tamén lle parece un impulso para os negocios do núcleo urbano do Mesón do Vento. Espera que se acepte a emenda e formulará o voto segundo o debate.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que tendo en conta as propostas que pasaron por rexistro o once de novembro do ano pasado, na Comisión Informativa do día 3 apoiaron aquela proposta que engadía un maior número das súas peticións. O bombeo de abastecemento e saneamento na Maquía en Buscás, unha obra que xa habían solicitado o ano pasado e que quedara pendente. Tamén o vial en Vilamaior, que xa habían solicitado o ano pasado para evitar a perigosa saída da estrada que ven da Abellá cara Ordes. Acondicionamento do vial que vai da Armada á estrada a AC524. Na comisión informativa celebrada o pasado venres levouse a cabo a eliminación da obra que no pleno extraordinario se dixo que non se podía incluír, que se substituíu por unha serie de camiños que consideran importante como é o acceso a Lameiros, Buscás, camiño de Uzás a Cernadas, camiño do Campo da Malla en Ardemil, camiño do Souto á Igrexa, Mercurín. Así como a canalización de pluviais en Castrelos no Barreiro en Leira. Outro punto que valoran



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

positivamente da proposta que se ditaminou favorablemente pola comisión informativa é a renovación das marquesiñas nas parroquias. Hai marquesiñas que están en moi malas condicións e que non cumpren as súas funcións que é resgardas aos nenos que esperan polo bus escolar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que recalca que un Plan de Obras e Servizos debe adicarse a obras de entidade que dificilmente poden ser pagadas con cargo aos fondos municipais. Como sempre historicamente demandaron primar máis os abastecementos e saneamentos. Máis dun trinta por cento do POS total. Esa é a súa proposta.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que todas as obras son importantes. UxO vai a manter a súa proposta, votará a favor do ditame, votará en contra do voto particular do BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe pola maña se lle fixo chegar a todos os grupos unha emenda de engádego que é importante e necesaria. Inclúe un proxecto número tres e número catro no Plan complementario polas baixas importantes que pode haber. Camiño CP3802 de Folgoso a Aldeña e outros, acceso a Hermida, Beán, interiores na Hermida, Beán, acceso a Outeiro, Beán, camiño en Cercedo, acceso a Aldea de Abaixo, Pereira, importe total cento sete mil euros. Calquera destas obras son necesarias nestas parroquias. O proxecto catro inclúe camiño na Pedreira, Vilamaior e outros, co que se resolverían os interiores en Adrán, Vilamaior, interior en Corredeiras, Vilamaior, accesos en Xermiñas, Lesta, camiño da manciñeira ao cruce co límite con Tordoia, Lesta. Camiño do cruce co límite con Tordoia a Ponte, Lesta, camiño ao Pazo, Lesta, acceso a Samaneiros, Lesta. Camiño en Fosado, Montaos, marxe esquerda. Camiño N550 cara a Xuncal, Montaos. Acceso a zona do Cruceiro, Poulo, interiores na Calle, Poulo. Por importe total de noventa e sete mil euros. Esta é a emenda que piden que se valore. A xustifica desta maneira. Ben sendo habitual, así había un consenso, que no POS, PAS, DTC se trataba de facer algo en todas e cada unha das parroquias. É curioso que no ano 2017 a proposta que se ditaminou indica que no POS principal, actuacións única e exclusivamente en sete parroquias. Ardemil trescentos noventa e dous mil euros, 41,13 %. Parada cento trinta e nove mil euros, 14,62 %. Buscás cento sesenta e un mil euros, 16,93 %. Vilamaior cincuenta mil euros, 5,25 %, nunha obra na que discrepa do que di a Sra. Gómez Fuentes. A saída que se propón é bastante máis perigosa na saída coa AC524 como coa intersección coa estrada principal antes da Armada pola rasante e polas pendentes. Vai a facerse unha obra de máis de cincuenta mil euros nunha pista de concentración parcelaria polo monte que vai a ter menos tránsito do que ten a vía principal. O veremos co tempo, que foi unha mala inversión. Hai que dicir que esas saídas son perigosas en calquera dos puntos. En Mercurín vinte e tres mil euros, 2,44 %. En Leira cento trinta e seis mil euros, 14,33 %. En Montaos cincuenta mil euros, 5,30 %, cunha obra de última hora que son redes de camiños da primeira fase de concentración parcelaria que resolve a circulación e as saídas dos núcleos na N550. Algo do que en novembro non falaram. O POS complementario a rede de abastecemento en Leira é unha petición que trasladaron á Alcaldía moitos dos veciños. Preocúpalle unha cuestión, no POS principal propónse a canalización de pluviais en Castrelos, tras o Barreiro, xa lle dirán como se fai despois o saneamento, ou se cargan a estrada ou esa rede, do outro lado esta a rede eléctrica soterrada, na marxe dereita subindo cara a a Pedreira. Facer as cousas a desmán e con presas ten estas consecuencias. Espera que na execución das obras se poida resolver esta dificultade. Quizá houbera que haber suscitada a obra para que ese tramo despois do revestido das cunetas para a recollida das pluviais, o saneamento vai por debaixo das pluviais, podía ir contemplado nun único proxecto se se houbese falado con anterioridade. Choca un pouco que no POS principal



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

unha obra a executar no 2017 se fagan as pluviais e despois facer o saneamento a posteriori tendo que romper todo iso se hai un problema durante a execución. Era mellor que estivese conxuntamente, incluso sumadas ambas cantidades nunha única partida. As actuacións en Beán, Pereira sería importante que completasen o ramal esquerdo na zona da Poza en Cercedo e deixar resolta ese núcleo de poboación. Co POS principal e complementario darían cobertura a nove parroquias pero deixan esquecidos aos veciños das parroquias de Ordes, Poulo, Lesta e Barbeiros. Ningunha actuación para os veciños destas parroquias que tamén pagan impostos que non se ven incluídos nesta proposta de obras que hoxe someten aquí. Esperar a máis dun ano ou ano e medio para que se podan facer aí actuacións é moito esperar. Hai demandas que eles piden. Veremos que é o que se pode facer con outro tipo de fondos e fondos municipais, pero non vai a ser fácil atender ás demandas destas catro parroquias. Compre deixar claro que son catro as parroquias esquecidas Ordes, Poulo, Lesta e Barbeiros. Para suplir isto esta esa emenda de engádego, que se a aceptan terían o seu voto favorable, senón van a optar pola abstención, co que se resolvería aínda que tarde moitas das necesidades destas parroquias, por que nesta emenda hai obras en todas estas parroquias. Cando chegue o momento con cargo aos remanentes de crédito seguirán insistindo en actuacións moi necesarias, en Ordes resolver as tubaxes de fibrocemento, os accesos á zona da Espenica. Esta é outra cuestión a debater nun futuro para ter unha previsión anual de investimentos en todas as parroquias ben sexa con fondos da Deputación ou con fondos municipais. A emenda da Sra. Martínez Candal foi presentada a posteriori da súa como contraposición á súa que é a lóxica e xusta. Gustaríalle que se aceptase a súa emenda para que tivesen ese voto favorable, o que manda son os votos positivos, o POS ten que saír adiante, senón optarán pola abstención en beneficio de que as obras se poidan executar. É preocupante tamén que isto se resuma en catro proxectos cando con anterioridade eran máis. Máis proxectos xera oportunidade e riqueza para todas as empresas do entorno, cingirse a tres, catro proxectos condiciona moito o que poida suceder en cada unha das licitacións. Con respecto á proposta de obras do BNG dicir que todas as obras son necesarias, na rede viaria hai moitas necesidades. Está de acordo en que tamén hai que facer actuacións de abastecemento e saneamento, pero non se resolve nada a curto prazo, necesitarían un plan máis grande que permitise executalas e polas en funcionamento de maneira inmediata. Xa sabe que lle dirán que llo pida a quen llo ten que pedir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se nunca se inviste nada vai a estar igual.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nesta proposta de obras hai investimentos de saneamento, abastecemento, unha parte importante para facer actuación en Buscás, na Pedreira, para necesidades que demandan os veciños e non outras que non están tan claras. Que se faga a rede no Vidueiro e despois onde a conectan, quedaría pendente a impulsión. A fosa séptica en Pereira non hai unha parcela municipal coa situación idónea para a súa colocación. Sería moi complicado facer esas actuacións. Por iso non poden votar a favor a proposta de obras do BNG, aínda que si comparten as actuacións na rede viaria.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que esta de acordo en que se fagan proxectos grandes, viuse o problema á hora de facer as contratacións, a carga de traballo que supuxo para os funcionarios, pareceulle unha burrada. En Mercurín invístense



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

39.000 euros, no camiño que vai do Souto a Igrexa e o acceso a Perra. Parécelle un pouco alarmista a idea que esta o Alcalde expondo hoxe aquí, é certo que este ano van sete parroquias, pero o ano pasado tamén quedaron esquecidas dúas. O Mesón do Vento so levou o camiño da Edra, aínda que despois levase os complementarios. Durante catro anos levouse o mesmo camiño no Complementario por que no se facía. A parroquia de Ardemil foi unha das grandes esquecidas ata agora. O Mesón do Vento é o segundo núcleo urbano de Ordes, terminar as arterias principais que van ao núcleo, como é a que ven dende a Salgueira e a de Buscás, como levan o resto das parroquias, que levan aglomeradas fai anos e estas non, parécelle inxusto e totalmente merecido este investimento este ano nesta parroquia.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que as obras que nos levaron a apoiar esta proposta por que as consideraron positivas imprescindibles para os veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se queremos aforrarlle traballo aos funcionarios o mellor era incluír todo en gasto corrente, así traballo ningún e non habería que facer todos os expedientes de contratación. A contraprestación sería que despois non poderíamos escoller que obras se poden facer sería so unha cuestión do grupo de goberno. Meter obras en todas as parroquias, depende un pouco. Se ao final é para meter cinco ou seis mil euros nunha parroquia para dicir que se inclúen todas, o mellor é non meter nada, e investir como propomos en obras custosas que son dificilmente executables con fondos municipais. Un ano tocaralle a unha, outro ano a outra. Este é outro tipo de debate. Eles votarán a súa proposta, a proposta de UxO ditaminada pola Comisión Informativa absteranse.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que non son sete parroquias, son oito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son sete parroquias e co complementario nove. Foi o que dixó. Catro nas que non se inclúe nada.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que en Poulo as obras do ano pasado non están feitas. Estamos esperando o inverno para facer as obras. En Poulo o ano pasado son cento oitenta mil euros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en Poulo están feitas as obras de abastecemento e saneamento, o Sr. González Santos está a incluír unha obra do Fondo de Compensación Ambiental que non é do POS.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que en Barbeiros no POS hai seis mil euros. Non sabe o que se fixo, nas escolas se fixo unha beirarrúa de formigón. No plan da Xunta de Galicia son cento vinte mil euros. Os veciños non saben de donde veñen os cartos, da Xunta ou da Deputación. Os veciños queren os servizos. Con isto esta ben. A Sra. Martínez Candal presenta unha moción para obras no plan de camiños da Xunta de Galicia, moi acertadamente en Lesta, Barbeiros, Buscás, Vilamaior, Beán, hai moitas explotacións gandeiras. Con este plan se cubre Lesta. Van votar a favor da súa proposta. Son catro proxectos por que as circunstancias son así. En Leira dous proxectos, un é un complementario, houbo que substituír unha rúa, excepto a rúa Coruña, tamén hai prevaricación se a hai aí. Non é responsable destas cousas. O proxecto de Leira, as pluviais, o alcantarillado, todos sabemos que os proxectos do POS hai



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

dous anos para facelos, se vai adiante, hai que esperar por este proxecto polo outro, non é moi difícil facer isto.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta que no caso de que non haxa unha incorporación de remanentes do vinte por cento pola Deputación, entón fan igual o outro.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que se o concello contrata as obras sabe as baixas que ten, hai que comunicalo á Deputación que indica os cartos a contratar, este proxecto ten que esperar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este ano o POS complementario mínimo non esta pensado para as baixas, está pensado para a incorporacións de remanentes, fai a facerse esa achega ao longo do ano. Ese POS complementario mínimo que é un vinte por cento de todas as achegas sería tamén con cargo a fondos da Deputación, a partir de aí entraría a parte das baixas. Son cuestións independentes.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que hai que esperar. O voto particular do BNG van a votar en contra. A emenda do PP non a aceptan. Van aceptar a emenda da Sra. Martínez Candal.

Sometido primeiramente a votación o voto particular coa proposta de obras do BNG a incluír no POS+ 2017, este resultou rexeitado por maioría de nove votos en contra (6 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), tres votos a favor (grupo político BNG) e coas abstencións (5 grupo político PP).

Seguidamente, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (6 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (5 grupo político PP, 3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	74.869,05
Subtotal gasto corrente	74.869,05

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño en Barroso (Montaos) e outros	464.760,87	0,00	464.760,87
Subtotal investimentos achega provincial 2017	464.760,87	0,00	464.760,87

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño de Buscás ao Mesón e outros	332.079,95	0,00	332.079,95
Subtotal investimentos achega provincial 2016	332.079,95	0,00	332.079,95

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Bombeo de saneamento na Maquía e outros	156.985,96	0,00	156.985,96
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	156.985,96	0,00	156.985,96

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0,00

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,00
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0,00
Subtotal achegas municipais	0,00

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
Caixabank, S.A.	9620.313.671173.51	199.999,99
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		199.999,99

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0,00		0,00
	Achega 2017	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	74.869,05		74.869,05
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	464.760,87	0,00	464.760,87
	Achega 2016	332.079,95	0,00	332.079,95
	Préstamo 2017	156.985,96	0,00	156.985,96



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

D- HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS	Achega 2017	0,00		0,00
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0,00		0,00
	Achega 2016	0,00		0,00
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	199.999,99		199.999,99
T O T A L	Achega 2017	539.629,92	0,00	539.629,92
	Achega 2016	332.079,95	0,00	332.079,95
	Préstamo 2017	356.985,95	0,00	356.985,95
	TOTAL	1.228.695,82	0,00	1.228.695,82

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Rede saneamento e abastecemento na Pedreira (Leira) e outros	267.290,44
Renovación marquesiñas transporte público	50.000,00
Estrada de Fosado a Parada (Montaos)	91.364,23
Estrada de Mesón a Barcula (Ardemil)	192.772,30
TOTAIS	601.426,97

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

PUNTO CUARTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO QUINTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Canal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Na recente proposta presentada polo grupo de goberno para as obras do Plan POS + da Deputación, suscitábase que o investimento deste ano chamado "Plan de camiños da Xunta de Galicia" (PEIM) se destinase íntegro a Lavandeira (Poulo).

No ano 2016 este investimento destinouse integramente na parroquia de Barbeiros xa que se adaptaba perfectamente ás condicións que o Plan esixía.

Este plan ven destinado exclusivamente ao medio rural e con condicións específicas para a súa aprobación, como que os camiños aos que se destine a inversión esteán lindando con parcelas da PAC ou ben con granxas e cooperativas agrarias.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 12

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tendo en conta que a parroquia de Lesta se dedica principalmente ao sector agrogandeiro, e previos os estudos de viabilidade do Plan, e dos posibles proxectos e medicións, sexa invertido a totalidade do Plan de camiños da Xunta de Galicia (PEIM) na parroquia de Lesta no ano 2017”

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en relación con esta moción hai un informe xurídico no que se indica que a competencia para a adopción deste acordo, se é como nos anos anteriores, corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación do Alcalde, que será quen decida que proxecto se inclúe neste Plan de Camiños. Non quere iso dicir que non se analicen proxectos da parroquia de Lesta, polo que non van a aceptar o que se diga con este acordo, hai está o informe xurídico. Polo que pide que se retire a moción e se faga a continuación un rogo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que se deben debater todas as propostas independentemente de que sexan competencia da Alcaldía. Esta moción é unha proposta para que se teña en conta se se quere.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de doce votos a favor (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cos votos en contra (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que comparten a exposición de motivos. Chegoulles o informe xurídico hoxe ao longo da mañá. O informe dos técnicos prevalece sobre calquera proposta ou iniciativa. Quere saber se se vai a someter a votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a proposta de acordo está aí, poden votar o que consideren. Cando se publique a resolución coñeceremos se é unha competencia do pleno ou da Alcaldía. Non é vinculante o que vostedes aquí decidan. Poden votar o que queiran.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no informe do Secretario se indica que a día de hoxe non se sabe cantos van a ser os fondos nin as condicións da solicitude. Investilos integramente en Lesta cando non se coñece o contido da resolución é complicado. Comparten que Lesta é a parroquia que ten máis explotacións xunto con Barbeiros, a ven interesante. Non lles parece correcto que se destine integramente. Teñen unha emenda: o Pleno da Corporación Municipal solicita ao Alcalde que as actuacións a incluír nos Programas de Mellora de Camiños Municipais e de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sexan determinadas polo pleno da Corporación en lugar de ser determinadas polo Alcalde. Na lexislatura anterior



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

presentaron unha moción para que se cumprisen os acordos plenarios, foi rexeitada. Están a favor do debate, nunca van a ter inconvincente. Sempre votamos a favor da urxencia, nunca en contra. Se teñen a ben aceptar a emenda votarán favorablemente, senón absteranse.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están a favor do debate. Esta é unha proposta para cando saia a convocatoria do plan de camiños, están de acordo en que vai a saír. Lesta é eminentemente gandeira, ten moitas explotacións, ao igual que a parroquia de Barbeiros que levou no anterior plan integramente o seu investimento. Si que se pode falar aquí, está ben. Non lle parece lóxico o que acaba de comentar o Sr. Alcalde, que votemos o que queiramos por que como isto non é competencia do Pleno non é vinculante. O que o Alcalde non acaba de entender é que ese tempo xa pasou. Segue ancorado no que nos fixemos. Xa que o fixemos tan mal non intente copiar o repetir o que nos fixemos o dixemos. A ver se mellora, esta facendo exactamente o mesmo. Se ela era tan mala malísima, vostede intente mellorar. Optou polo debate, por que se debatesen todas as mocións. Por que se vamos agora a dicir as mocións que son mocións, tamén haberá que ver se hai rogos que son ou non rogos. Aquí hai uns compañeiros que traen unha proposta para que se invista ese plan de camiños da Xunta de Galicia en Lesta que viría a complementar o que apuntou o Sr. González Santos nunha parroquia que no POS a priori non levaría nada. Esta a tempo de corrixir todos os seus erros e a facelo bastante mellor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten que corrixir ningún erro, neste momento correspóndelles tomar as decisións no que lles permita a lexislación, tratarán de facelo do mellor xeito posible, con erros e con acertos. O seu voto vai a ser negativo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que mantén a moción tal cal está. Parécelle un investimento para esta parroquia xusto, merecido e xustificado.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), coas abstencións (3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Tendo en conta que a parroquia de Lesta se dedica principalmente ao sector agrogandeiro, e previos os estudos de viabilidade do Plan, e dos posibles proxectos e medicións, sexa invertido a totalidade do Plan de Camiños da Xunta de Galicia (PEIM) na parroquia de Lesta no ano 2017.

Intervén a Sra. Martínez Canal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Dende hai anos, unha das actividades con moito éxito que oferta o concello é a de pintura e debuxo, que se está a desenvolver na aula do pavillón Castelao, no antigo ximnasio.

Como asistente da actividade, son consciente da posible mellora da aula cuns arranxos de escaso custo e melloraría tanto a imaxe como a comodidade para os asistentes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Unha das necesidades básicas é a de dispoñer no local de dispensadores de papel (neste caso para o papel de aluminio, que se usa moito para as mesturas da pintura), e tamén de taquillas individuais donde cada alumno poida gardar os seus materiais ademais da roupa de abrigo. Para todo isto sería necesario retirar os aparatos de ximnasia que están na parte de atrás da aula, donde irían recollidas as taquillas. Aproveitaríase para pintar os paramentos verticais con unha simple man de pintura, e sería unha mellora importante o subministro de mesas e cadeiras mais cómodas ás existentes, con diferentes alturas para cativos e maiores. E unha necesidade tamén dispoñer de mobiliario con estanterías máis adecuado para o material da mestra.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Retirar da parte traseira da aula os aparatos de ximnasia para poder dar maior proveito a dito espazo.
- Subministrar e colocar un mínimo de 60 taquillas individuais como as que adxunto en foto.
- Subministrar mesas e cadeiras mais adecuadas ás existentes.
- Pintar os paramentos verticais.
- Subministrar e colocar mobiliario adecuado para os materiais da mestra de pintura.
- Subministrar e colocar dous dispensadores de papel”.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que di o mesmo que na moción anterior. Unha moción é unha proposta que se somete directamente ao coñecemento do Pleno ao abeiro do art. 38.2 do Regulamento orgánico. O acordo que se trae aquí é unha proposta de actuación que é da exclusiva competencia do Alcalde. Está no seu dereito de seguir adiante con ela, está ben que nos faga ter en consideración estas cuestións. Xa se falou coa mestra ao respecto, hai cousas que considera necesarias, outras non urxen tanto. Este tipo de mocións realmente son rogos, gustaríalle que nun futuro cando sexan competencia do Alcalde que se traten como rogos. No sucesivo vai a actuarse con este criterio con respecto a estas materias.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de doce votos a favor (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cos votos en contra (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor ben como moción ou como rogo de que as melloras se fagan o máis axiña posible.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que tamén están de acordo coa moción. Todo o que sexa mellorar os espazos de uso público está ben. Houbo algún usuario que tamén lles fixo chegar que hai dous radiadores, pásase moito frío, polo que propoñen unha emenda para a instalación dos radiadores necesarios para quentar a aula de pintura.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que ten razón, acepta a emenda.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que tamén están de acordo por que é unha actividade que se ven a desenvolver fai moitos anos, con moita afluencia de xente, considera que deben estar nas mellores condicións posibles. Si que lles parece que esta é unha moción, ao igual que se trouxeron outras con respecto á piscina climatizada, parque Félix Rodríguez de la Fuente, ao mellor agora vanse cambiar as normas e as mocións relativas a espazos municipais non se van a tratar como mocións e si como rogos, sempre se trouxeron a este plenario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta moción de acordo ao regulamento é un rogo. Se aceptamos o acordo estaríamos obrigados a cumprir todo o seu contido de inicio, de antemán non podemos garantir o seu cumprimento.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que se aceptaron acordos que non cumpriron como foi o dos desbroces, non creo que agora mesmo isto lles cree un remordemento de conciencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso no é así. Nunca co voto favorable do PP.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que aquí se adoptaron acordos que vostedes non levaron a cabo. Ata o de agora se puideron traer mocións sobre a mellora dos espazos municipais. Se agora se cambian as normas, preguntáremoslle antes cando teñamos un tema se o tratamos como moción, rogo ou pregunta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o regulamento esta aí, a lexislación está aí, insistimos sobre o contido da mesma. As cousas que se din na moción hai que analizalas, non se vai a comprometer a súa totalidade de antemán, polo tanto están no seu dereito, como foi no seu día cos desbroces por que non podían comprometerse a facer toda a actuación nunha única anualidade cos tractores municipais. Votaron a favor, nos votamos en contra, non se puido facer e aínda está sen acabar de facer a totalidade. Están no seu dereito de traer esta moción e outras. O seu voto vai a ser negativo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Melloras na aula da actividade de pintura e debuxo:

- Retirar da parte traseira da aula os aparatos de ximnasia para poder dar maior proveito a dito espazo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

- Subministrar e colocar un mínimo de 60 taquillas individuais.
- Subministrar mesas e cadeiras mais adecuadas ás existentes.
- Pintar os paramentos verticais.
- Subministrar e colocar mobiliario adecuado para os materiais da mestra de pintura.
- Subministrar e colocar dous dispensadores de papel
- Instalar os radiadores necesarios para quentar a aula.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“As fontes de auga son unha unidade fundamental do sistema ecolóxico.

O acceso á auga de boa calidade é unha prioridade e está directamente ligado á saúde da poboación. Segundo se establece nas guías para a calidade da auga potable (OMS, 1988), os maiores riscos microbiolóxicos son os derivados do consumo de auga contaminada con excrementos humanos ou animais (incluídos os das aves). Os patóxenos fecais (bacteria E.coli) son os que mais preocupan á hora de fixar metas sanitarias relativas a salubridade microbiolóxica. Ademais, a calidade microbiolóxica da auga está suxeita a cambios impredecibles e con frecuencia pode variar en pouco tempo, podendo producirse aumentos repentinos da concentración de patóxenos que aumenten considerablemente o risco de enfermidades e desencadeen brotes.

Por iso, unha das medidas a tomar para garantir a salubridade da auga consumida é facer análises do produto final con periodicidade regular e frecuente que permita detectar o risco de contaminación e así evitar enfermidades intestinais e infecciosas.

Na lexislatura 2007-2011 dende a Concellería de Medio Ambiente facíanse análises das augas das fontes do municipio empregadas habitualmente polos veciños e veciñas para coñecer a súa potabilidade. Unha vez coñecidos os resultados das analíticas colocábase na fonte un letreiro onde se especificaba se a auga era potable ou non potable e, ó mesmo tempo, os resultados das analíticas eran colgados na web do Concello.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

- Instar ó Concello de Ordes a recuperar as mencionadas análises da auga das fontes habitualmente empregadas polos veciños e veciñas para coñecer a súa potabilidade.
- Publicar os resultados das análises de cada fonte na web do Concello”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lles parece unha proposta moi interesante, habería que facer un estudo para ver que fontes se analizan e cales non, o seu voto vai a ser favorable.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo con esta moción. Temos moitas fontes públicas no concello as que acoden os veciños para coller auga para beber e para as casas. Se ben moitas delas seguro que teñen esa información de que son potables ou aptas para o consumo, se non se fan as análises non estaría actualizada esa información. Cree correcto que se faga a análise da auga para garantir unha potabilidade cunha periodicidade determinada e que se coloque a información na web do concello ou nas propias fontes con soportes que non agredan o ornato das nosas fontes ornamentais.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con esta moción. É certo que no período 2007-2011 este traballo o levou a cabo o Sr. Pedreira Mirás. Estas análises hai que facelas cunha periodicidade determinada, son fontes que utilizan moitos veciños, por que a calidade da auga pode variar. Na seguinte lexislatura tamén continuaron con estas análises non dunha forma tan inquisitiva, tamén se fixeron as analíticas oportunas. É importante que se sigan a facer e se poñan ao alcance de todos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción é interesante. Xa se ten falado disto en anteriores ocasións no pleno. A realidade é o Real Decreto 140/2003, non sabe se a Sra. Gómez Fuentes o analizou, esta colgado na web da Consellería de Sanidade, non se pode falar de auga potable se non é unha auga que estea tratada e que sexa da rede municipal. Dende o momento que falamos de fontes naturais nunca vamos a ter unha auga potable, así o di o Real Decreto coa clasificación que fai de todas esas fontes. A partir de aí podemos entrar a analizar as responsabilidades, a sinalización destas fontes, as fontes naturais, as que teñen ou poden ter algún tipo de tratamento de potabilización como recolle o Real Decreto. Podemos entón falar de augas sen garantía sanitaria, coas análises das que se fala ou augas non aptas para o consumo humano que son os únicos carteis que nos permitiría colocar o Real Decreto. Nunca se podería por un cartel de auga potable como se facía no período 2007-2011 por que unicamente se pode por se é unha auga da rede de abastecemento municipal que estea tratada e con todos os controis. Non sabe se é interesante por calquera destes carteis por que calquera deles ten unha aspa negativa. Auga apta para o consumo humano, para fontes conectadas a abastecementos con auga apta para o consumo en fontes naturais con tratamento de potabilización. Nas fontes das que se fala e que todos coñecemos Casal, Esmorís, Sangriño, Mesón ás que van habitualmente os veciños, en ningún caso poderíamos por este tipo de cartel. Habería que por un cartel cunha aspa negativa o cal cree que vai a ser un motivo de rexeitamento para os veciños. O acordo de resolución no que se pide coñecer a súa potabilidade nunca se vai a conseguir por que so se conseguiría no momento en que estea tratada. Se nos plantexamos tratar todas e cada unha das fontes cun sistema de potabilización como se ten posto nas granxas estamos a falar de moitos cartos e custe de mantemento e en moitos lugares por ser recónditos e difícil de vixiar. O acordo de resolución é interesante pero é moi difícil de por en práctica para a garantía de potabilidade. Que se pida que se fagan os análises cada seis meses como di o decreto é viable. Pero isto obrigaría a por os sinais con aspa vermella, auga non apta para o consumo, auga con resultados analíticos que así o indican, e auga sen garantía sanitaria que si que se podería consumir pero



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

sen que ninguén o garante, nin o concello se podería facer responsable desa situación. Este cartel utilízase no caso de que a fonte non teña ningún tratamento de potabilización que garanta a súa aptitude. O que lle pide é que retire a moción por que tal é como esta redactado o acordo non o poden cumprir e vemos como nos pomos de acordo para que esas análises se fagan e se se está disposto a por este tipo de carteis nas nosas fontes. Pero vai haber que informar moi ben aos veciños dos que se lles está a falar. Pídelle que retire a moción por que é consciente de que este acordo de resolución non é factible por que se estaría a incumprir o decreto, a partir de aí analice e faga un plantexamento futuro. Se non é así o acordo de resolución tal e como está suscitado terá o seu voto negativo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que pregunta se se poden facer os análises cada seis meses como indica o Real Decreto é publicar o seu resultado.

Intervén o Sr. Alcalde, que indica que tamén habería que por calquera dos dous carteis. Habería que modificar o acordo e redactalo de maneira que se poida cumprir. Tal é como está non se pode cumprir.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o acordo de resolución podería ser instar ao Concello de Ordes a recuperar as analíticas das augas das fontes habitualmente empregadas polos veciños tal é como indica o Real Decreto 140/2003, é publicar os resultados das análises de cada fonte na web do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que propón que o primeiro acordo sexa dar cumprimento ao Real Decreto 140/2003 en relación coas análises de auga nas fontes habitualmente empregadas polos veciños. O cumprimento deste acordo levará uns meses, haberá que analizar os prezos.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que pide que no caso de que se cheguen a colocar calquera deses carteis nas fontes, que se informe á xente de por que ten esa aspa vermella.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no caso do cartel de auga sen garantía sanitaria a persoa asume o risco do seu consumo por que o concello non pode garantir a potabilidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Dar cumprimento ao Real Decreto 140/2003 en relación coas análises de auga nas fontes habitualmente empregadas polos veciños.
- Publicar os resultados das análises de cada fonte na web do concello.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Dende o 2011, temos a sorte de contar en Ordes con un museo o aire libre, conformado polos diversos murais pintados polos artistas que participaron nas distintas edicións do DesOrdes Creativas. Unha iniciativa cultural e artística que, sen dúbida ten colocado a Ordes no mapa internacional dos festivais de arte urbana.

Máis tamén resulta importante resaltar que ditas obras teñen contribuído a darlles vida a espazos abandonados da vila ou a maquillar a desfeita urbanística que se produciu en Ordes durante moito tempo.

Nestes momentos, quizais tamén se poida afirmar que os murais do DesOrdes Creativas sexan un dos maiores atractivos turísticos cos que conta Ordes, e que atrae cada ano a moitos visitantes que se achegan a pasear polas rúas da vila para coñecer as obras.

Máis o paso do tempo está comezando a facerse notar nos murais, e moitos deles están comezando a degradarse (ver as fotografías adxuntas) o que conlevará a que, de non actuarse, acaben desaparecendo. Dende o BNG consideramos que Ordes non pode permitirse o luxo de perder este inmenso patrimonio que nos ten legado o DesOrdes Creativas.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Promover a execución de medidas destinadas á conservación dos murais.
- Establecemento de unha estratexia de promoción e difusión de todo este patrimonio.
- Revisión do material existente na web e app do concello, e completala con toda a información dos murais: motivación da obra, datos do artista, evolución do pintado, técnicas empregadas.
- Organización de roteiros guiados polas ubicacións dos murais”.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao igual que nas mocións anteriores, van a votar en contra da urxencia por que en moitas das cousas que se propoñen xa se está a traballar.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que insisten no mesmo, nunca sobra o debate. Polo ben deste concello deberían debater aínda máis do que debaten.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de doce votos a favor (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle parece fundamental promover medidas de conservación dos murais existentes. En xeral as iniciativas que se propoñen parécenlle interesantes. Non está de acordo co último punto por que lle parece unha aposta arriscada que se debería debater entre todos, a fórmula sería establecer roteiros mediante croquis ou mapas onde se sinalen as ubicacións dos murais.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor desta moción. Sempre estiveron a favor desta iniciativa. Contamos co privilexio de dispor dun museo ao aire libre, de libre acceso para toda a cidadanía, que utilice a arte como medio de reivindicación social. Somos uns privilexiados por que tamén axuda a combater o feísmo. O que se propón de levar a cabo as actuacións de mantemento precisas é fundamental, senón o feísmo que estamos evitando con estes murais non está a cumprir a súa función por que se deterioran é peor o remedio que a enfermidade. Están a favor das actuacións necesarias para que os murais volvan a brillar en todo o seu esplendor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están a favor da moción. O Desorde iniciouse estando eles no goberno, foi unha aposta na que houbo que traballar moito ao principio por que ao xente era reacia a deixar muros, había que preparar os muros, os medios eran escasos. Foi unha das mellores cousas que se fixo. Deberíase intentar que non desmerecesen para poder visualizalos en todo o seu esplendor. É unha boa proposta, hai que seguir loitando por elo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que habería que haberlle dado uns vernices aos murais no momento oportuno, para algúns dos murais xa é bastante tarde. A app do concello facilita chegar aos sitios a través do google +. A xente de Mutante Creativo está a traballar en todo o tema da información, tan pronto estea subírase á web e á app. Hai que valorar todos e cada un dos puntos do acordo, especialmente con eles para saber do que se está a falar. Van a absterse nos acordos propostos. Trataranse de facer dítpticos e informar da existencia da app. A idea é boa, analizar todas e cada unha das cuestións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que van a manter o acordo tal é como esta. Os roteiros guiados por persoas físicas non deixa de ser unha actividade que complementa a app.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), coas abstencións (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Actuacións en relación cos murais de DesOrdes Creativas:

- Promover a execución de medidas destinadas á conservación dos murais.
- Establecemento de unha estratexia de promoción e difusión de todo este patrimonio.
- Revisión do material existente na web e app do concello, e completala con toda a información dos murais: motivación da obra, datos do artista, evolución do pintado, técnicas empregadas.
- Organización de roteiros guiados polas ubicacións dos murais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Unha vez máis, a historia volve repetirse no sector téxtil de Ordes, logo de consumarse a desfeita de Viriato que levou ó peche da fabrica así como dos seus talleres auxiliares e antes xa pecharon outros talleres referentes no téxtil ordense, agora é o grupo DEUS o que ven de anunciar que vai presentar un ERE ante a autoridade laboral para prescindir de parte da súa plantilla.

Un grupo DEUS que, entre tódalas empresas, ocupa a unha media de 200 traballadoras, as cales xa levan tempo sufrindo atrasos no pago dos correspondentes salarios.

En canto a Viriato, 109 postos de traballo directos aos que hai que sumarlle os dos talleres auxiliares, centos de traballadores, na súa maioría de mulleres, que logo de deixarse a pel na confección durante moitos anos, hoxe están desempregadas. Moitas delas a piques de rematar a prestación por desemprego e aínda sen cobrar a indemnización correspondente.

Traballadoras e traballadores que responden moitas delas a un perfil moi similar: idade avanzada e sen unha formación específica... o que lles dificulta, mais se cabe, acceder ao mercado laboral en sectores diferentes o téxtil, no que traballaron durante gran parte da súa vida.

Ao drama de cada unha das traballadoras, temos que sumar a repercusión negativa que inevitablemente vai ter esta situación no sector comercial, hostaleiro, servizos... que se van a ver resentidos.

Por todo o anterior, é sinxelo tirar a conclusión de que se trata de un problema de primeira magnitude para este concello, o que debe de levar a que os poderes públicos: goberno municipal e Xunta de Galicia se impliquen para tratar, cando menos, de aliviar a desfeita persoal e económica provocada pola desaparición de Viriato e a grave crise que está a padecer o grupo DEUS.

Son moitas as iniciativas que dende os poderes públicos poden poñerse en marcha para aliviar a situación: formación dos traballadores, impulso de novas iniciativas empresariais, fomento do autoemprego, orientación laboral, identificación de saídas profesionais todas elas encamiñadas a mellorar as posibilidades de inserción laboral destes homes e mulleres.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a elaboración de un plan de reactivación do emprego, que contribúa a facilitar a re-inserción laboral das ex-traballadoras do téxtil”.

Intervén o Sr Veiras Carneiro, que sinala que pide o apoio a esta iniciativa. Dende o BNG senten que están en débeda coas traballadoras do téxtil de Ordes que moitas veces desenvolvendo o seu traballo nunhas condicións laborais bastante precarias agora se atopan



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

desempregadas e moitas delas a piques de deixar de percibir as correspondentes liquidacións. Dende o BNG creemos que non podemos quedar de brazos cruzados ante o que é un grave problema socio económico. Con esta e con outras iniciativas queremos contribuír a darlle solución.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que son conscientes do grave problema que supón o desemprego en xeral. Nos últimos meses viuse acusado sobre todo no sector téxtil. Facer esta solicitude á Consellería podería axudar a mellorar a situación que se esta atravesando. O seu voto vai a ser favorable.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que manifestan o seu apoio a esta iniciativa. Este é un tema moi serio e preocupante. O problema do téxtil en Ordes se ven arrastrando dende fai anos. É verdade que foron numerosas as iniciativas presentadas dende o BNG ou PSOE. O 4 de novembro de 2014 a Comisión de Industria do Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei presentada polo grupo socialista na que lle reclamaba á Xunta de Galicia apoio ao sector téxtil galego incluíndo na próxima axenda de competitividade galega e o apoio cada ano aos proxectos de dinamización e renovación dos talleres a partir do ano 2015. Nesta iniciativa xa se facía alusión á importancia que o sector téxtil tiña para a comarca de Ordes, corenta mil veciños viven do sector agrogandeiro e do sector téxtil. A última iniciativa dos parlamentarios socialistas foi o 18 de xaneiro na que se preguntaba a cantidade total que tiñan recibido as empresas Viriato e Caramelo, que condicións se lle esixían para a concesión das axudas, se tiñan algún compromiso para o mantemento do cadro de persoal e que medidas pensaba adoptar a Xunta de Galicia para que estes fondos investidos repercutisen positivamente. Esta é unha preocupación que nos debe ocupar moito por que afecta a traballadoras cun perfil moi definido que levan traballando toda a vida nun sector cunha ampla experiencia. Debe ser unha prioridade propor todas as iniciativas que sexan posibles. Dende o concello debemos contribuír na medida do posible á solución deste problema.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que son conscientes do problema que está a sufrir o sector téxtil no nos concello, que afecta á nosa economía. Xa pecharon tres empresas importantes. Foi unha pena que non se continuase co plan Empregatex, no seu día deu emprego a cento sesenta persoas. O alcalde o 4 de febreiro de 2016 no Correo Gallego dicía que apostaba por un plan para a reactivación do téxtil en Ordes. Gustaríalle saber cales foron esas iniciativas ou o plan que puxo en marcha. Apostan por



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

recuperar algo similar a este plan Empregatex para solucionar este grave problema económico que estamos a padecer.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a súa declaración nese xornal era dunha petición dirixida á Consellería. Esa é a realidade do que alí se suscitaba. Nese momento xa tiña mantido varios contactos para coñecer a situación das empresas. O Igape estaba preocupado pola situación de Ordes. A lei de competitividade hai certas cousas que prohíbe. É certo que en Ordes hai un capital humano moi importante dentro do sector téxtil. A elaboración dun plan de reactivación do emprego está escrito, o fundamental é polo en funcionamento e que sexa operativo e beneficioso para a xente que o esta a pasar mal por malas decisións empresariais ou pola crise que chegaron a estas empresas provocaron a situación que a día de hoxe esta a condicionar o téxtil ordense. O Conselleiro e o Igape sabe da preocupación que temos en Ordes. Hai que seguir empuxando para que se poida facer algo en Ordes que sexa viable e operativo. El tamén podería falar dese investimento que se fixo no seu día no programa Estación que non levou a ningún lado e que se fixo con fondos municipais. Nunca lle pedimos explicacións ao respecto por que era unha aposta importante. Van a votar a favor da moción.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que a aportación ao programa Estación foron seis mil euros. Hai gastos no concello por ese importe que eles non cuestionan. Ese investimento foi para unha proposta empresarial apoiada pola Xunta de Galicia e polo Igape nese momento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Igape tivo que ceder as instalacións para que se puidese desenvolver ese programa por que onde o anterior grupo de goberno o quería implantar non se puido facer.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que a implantación era unha decisión da persoa que tiña a iniciativa empresarial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Igape puxo moitos fondos nese proxecto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que como calquera proxecto empresarial ten maior ou menor saída, ten que ter unha oportunidade. Non todos os proxectos empresariais saen adiante. Do que se está a falar é de se se apoia a estas mulleres que agora están no desemprego. O teñen que intentar. Esta saíu mal. Seguirán apostando e apoiando a toda a xente.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que pide que se fale un pouco de futuro. Por que aí fora hai moitas persoas que o están a pasar mal e esperan de nos que lles deamos solucións, que é para o que estamos aquí ou polo menos para o que están os tres concelleiros do grupo político BNG. Agradece o apoio do pleno da corporación e ogallá sexa o punto de partida para a solución deste problema tan grave para este concello.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (5 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a elaboración de un plan de reactivación do emprego, que contribúa a facilitar a re-inserción laboral das ex-traballadoras do téxtil.

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os rogos seguintes:

- As pistas da parcelaria de Ardemil están en un total abandono en canto a maleza, sendo totalmente imposible circular por algunhas delas. Por iso instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se proceda ao desbroce das pistas da parcelaria de Ardemil na súa totalidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- Na estrada da deputación que vai do Mesón do Vento a Meirama, existe unha barandilla en moi mal estado con perigo de caída en altura co conseguinte risco para a seguridade dos cidadáns, polo que instamos ao concello ao seguinte:

Se reemprace a dita barandilla por outra que cumpra a normativa ademáis de retirar a que está en mal estado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- No pleno de setembro de 2016 apróbase por unanimidade unha moción presentada polo BNG sobre as marcas viarias establecidas en varias zonas da N550.

No pleno o Sr. Alcalde comprometeuse a convocar unha reunión con á que poderían asistir un ou dous veciños do Mesón do Vento. Tras varios meses sen respostas instamos ao alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Se proceda a convocar a reunión de forma urxente ademáis de informar aos veciños sobre o mesma para que poidan decidir e organizarse para poder asistir a mesma, unha ou dúas persoas como había quedado o señor alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a reunión se ten que convocar por Fomento, cando así sexa faráselles saber aos veciños.

Intervén o Sr. Caamaño Fraga, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

- Recentemente procedeuse ao cambio de farolas do centro do casco urbano de Ordes, onde estaban colocadas as papeleiras.

Dende entón non se dispón de papeleiras, polo que instamos ao alcalde ao seguinte:

Recolocar as antigas papeleiras, ou se estas non se adaptan subministrar e colocar unhas papeleiras novas no centro de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están pedidas unhas novas, cando as subministren colocaranse.

- No pasado pleno de 14 de febreiro, o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego, Pablo Vidal, pedía explicacións debido a que as súas propostas para o plan Pos+2017 non fosen valoradas en tempo e forma.

Estando de concelleiro de deportes, solicitei a valoración de melloras na piscina municipal descuberta que a día de hoxe non recibín, polo que solicito que dita valoración sexa enviada a todos os concelleiros.

A petición dos veciños de Leira, tamén Beatriz solicitou valoración para reparación ou reconstrución do muro do local social que está en malas condicións con perigo de derrube, petición que se fixo o 11 de febreiro de 2016, fai máis dun ano, e que a día de hoxe tampouco se dispón de tal valoración.

Por todo o exposto solicitamos o seguinte:

Que se teñan en conta as peticións de valoracións, e se remitan a todos os concelleiros, para poder decidir entre todos qué obras son de urxente execución como neste plan pos+2017 que estamos a aprobar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a valoración de Leira foi a vela a Sra. Martínez Candal, nunca se recibiu a valoración no concello, nese momento estaba no goberno



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

puido ter falado cos técnicos. Insistirá e preguntará ao respecto. Cando existan esas valoracións faráselles entrega.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No pavillón Castelao II o pavimento está deteriorado, tal e como amosan as fotos adxuntas. Esta situación pode provocar algún risco de caída para as persoas que practican alí deporte.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda ó arranxo deste pavimento o mais axiña posible para previr posibles caídas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se comprobou e non se aprecia ningún deterioro na imaxe que amosa, non sabe a que se debeu esa mancha ese día. O pavimento é continuo como na totalidade da pista. Non existe esta deficiencia que observa.

- No pasado pleno do mes de outubro trouxemos a pleno un rogo informando de que na Rúa do Recreo o tramo que permite acceder directamente ó Campo da Feira conta con pouca iluminación.

No pleno informóusenos de que era un tramo sen canalización subterránea e que se valorarían diferentes opcións para solventar o problema.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que nos informe se hai algún avance na solución deste problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o enganche en fachada non esta autorizado, no privado non nos permiten facer unha canalización. Seguirán vendo se algún día se pode resolver de algunha maneira.

- No pasado pleno do mes de outubro trouxemos a pleno un rogo informando de que pola rúa Ciudad Jardín transitan a diario numerosos veciños e veciñas para dirixirse tanto ó Colexio coma ó Instituto. Pra aumentar a seguridade sería moi necesario o pintado dun paso de peóns no cruce entre a Rúa Ciudad Jardín e a Rúa dos Lagartos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

No pleno informóusenos de que se pediría un informe á Policía Local.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que nos indique se o informe xa foi emitido pola Policía Local para poder proceder ó pintado do paso a peóns o mais axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o paso de peóns e viable, a altura do transformador, hai que desprazalo un pouco á dereita, non como indica no rogo.

- Na parroquia de Parada, fronte a escola, hai unha farola que leva varios meses sen funcionar.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Solicitamos que se proceda a súa reparación o máis axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pleno do 24 de Novembro do 2015 o grupo do Bloque Nacionalista Galego, presentou unha moción en donde pedíamos unha serie de pequenas actuacións de mellora no parque Félix Rodríguez de la Fuente e a súa contorna.

Unha das propostas que se incluía no acordo era a de realizar un concurso público de ideas para levar a cabo ditas melloras. A parte do acordo do concurso, modificouse coas aportacións de todos os grupos políticos quedando da seguinte maneira:

Realizar un concurso público de ideas para levar a cabo estas melloras. Fixando ata o 31 de Marzo o prazo para recoller estas ideas.

Facer unha reunión de todos os grupos políticos para incluír todas as propostas chegando a un consenso entre todos.

Certo e que si se abriu o concurso de ideas de remodelación do parque pero non se soubo nada mais del.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

A que se nos informe en que punto está o concurso de ideas de mellora do parque Félix Rodríguez de la Fuente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no mes de marzo-abril convocará a todos os grupos políticos a unha reunión previa co técnico municipal.

- Na rúa Travesía do Piñeiro, existe un contedor que mais dunha vez se ten movido da súa ubicación, cruzando a rúa cara o outro lado ou mesmo quedando a medias na estrada presentando un perigo para os coches que circulan por alí.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se instale un sistema de fixación no contedor para evitar que se mova do seu sitio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- Algúns usuarios da Biblioteca Municipal achegáronse a nós para comunicarnos que o horario de tarde era insuficiente, sobre todo durante a época de exames pero tamén para aquela xente que traballa de mañá e necesita as tardes de estudo.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Aumentar o horario de tarde ata as 21:00 horas da noite de luns a venres e os sábados de 09:00 a 15:00, para que así os usuarios poidan aproveitar mais o tempo de estudo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se falará co persoal da biblioteca e mirárase a viabilidade de ampliar estes horarios.

- Algúns usuarios da Biblioteca Municipal achegáronse a nós para comunicarnos que a rede wifi da biblioteca municipal fala continuamente, producindo deste xeito numerosos atrancos para a busca de información para traballos ou para o estudo. Así mesmo tamén nos comunican que a conexión está limitada a dúas horas por usuario.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Mellorar a rede wifi da biblioteca municipal para que funcione correctamente e poder prestar un bo servizo aos usuarios, e a que se aumente o tempo de acceso a internet por usuario/a.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se adoptarán as medidas oportunas para evitar estes cortes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte:

- Nos almacéns situados ó carón do campo de herba artificial, no complexo de Vista Alegre, segue a existir un problema de humidades.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á reparación da cuberta e se solucionen definitivamente estes problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se volverá a facer unha revisión da cuberta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pasado pleno ordinario de xaneiro de 2016, aprobouse unha moción cuxos acordos, entre outros, establecían "Declarar Ordes municipio libre de circos con animais", "Que o concello de Ordes non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal, atendendo ao estrito cumprimento do art. 5.1 (regulador de espectáculos con animais) da Lei 1/1993, de 13 de abril, actualizada pola Lei 8/2014, de 26 de setembro" e "Que o concello de Ordes non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal, en concordancia co punto anterior".

Nestas últimas datas, afinouse na localidade un circo que na súa propaganda anunciaba o espectáculo "El Oso Humano", "Osos gigantes de 3 metros de altura".

Este mesmo circo xa tivo este mesmo mes que suspender a actuación do Oso no concello de Carballo, ao ser este tamén concello libre de circos con animais.

Mércores pasado este circo colgou na taquilla un letreiro onde se suspendía a actuación do Oso debido ao acordo plenario; aínda así, o feito de suspender dita actuación non converte ao circo nun circo sen animais e non suprime o feito de que fose publicitado o espectáculo con animais.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se nos informe se o citado circo dispoñía da correspondente autorización municipal para afincarse no concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

A que en futuras ocasións, o goberno municipal leve a cabo o cumprimento íntegro do acordo plenario adoptado no pleno ordinario de xaneiro de 2016, sobre os circos con animais, evitando que esta situación se volva repetir.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se no mes de xaneiro presentouse a comunicación previa para a instalación do circo. A policía local visitou o circo, o xerente manifestoulles que non tiñan o animal, que nunca o traían a España. O xerente dixo que os carteis grandes non falaban do oso, a pequena é xenérica. No sucesivo pedírase como documentación adicional unha declaración responsable de que non utilizan animais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que en futuras actuacións non se anuncie un espectáculo con animais.

- Hai escasas datas levouse a cabo unha das actuacións que propuxo o BNG en novembro de 2015 para a contorna do parque Félix Rodríguez de la Fuente, a humanización da Rúa Parque Municipal.

A pesares do pouco tempo transcorrido, o asfalto xa amosa un deterioro considerable, existindo a última semana un lote de areas procedentes da capa de rodadura.

Polo que podemos observar, o concello procedeu á limpeza de ditas areas e a un “parcheado” na zona.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se nos informe de cales foron as causas deste deterioro prematuro.

A que se inste á empresa que executou ditos traballos a repoñer o asfalto nas zonas afectadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi un material en mal estado, xa se falou coa empresa, viñeron xa a facer un selado nos sitios máis conflictivos. No período de garantía decidírase que facer no tramo que presenta un peor estado.

- Na Rúa Roberto Forján do Mesón do Vento, existen uns contedores que coa chegada dos temporais acaban tirados pola estrada supoñendo un perigo e molestias para a circulación e a veciñanza.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se o Concello de Ordes leve a cabo as actuacións precisas para a ancoraxe dos mesmos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- No pavillón Castelaio, existen na cuberta filtracións que xeran goteiras na pista, o cal dificulta a práctica da actividade deportiva no mesmo.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á reparación da cuberta do pavillón Castelaio para evitar estes problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o problema preocupante esta na xunta dos traslúcidos co resto do panel. A reparación esta valorada nos orzamentos de 2016 en 33.000 euros. Revisarase a valoración e incluírse nos orzamentos de 2017. Tratarase de executarse neste verán.

- Grazas ao esforzo e sacrificio persoal dos e das deportistas deste concello, Ordes vai sendo coñecido pola xeografía galega e mesmo a nivel estatal.

Durante moito tempo, o concello de Ordes deulle as costas a este colectivo, sobre todo a aqueles que practicaban deportes minoritarios, xa e hora de ir mudando esta situación e cando menos apoialos e recoñecer os seus logros.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se habilite na páxina web municipal, un espazo onde figuren os deportistas destacados do concello de Ordes, ordenados por disciplinas, con fotografías dos/das mesmos e unha pequena biografía co seu palmarés.

Nos recintos deportivos, pavillóns, colgaranse unhas bandeirolas coas fotografías dos deportistas destacados indicando o seu palmarés.

A que se nos indique se o goberno municipal vai recoller unha das propostas que fixo este grupo municipal de cara aos presupostos de 2017, onde propuxemos unha partida destinada á creación dunha bolsa de subvencións a deportistas destacados, elaborando á súa vez a ordenanza correspondente que a regule.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se esta a traballar para que os fillos predilectos teñan un espazo na web, farase a continuación cos deportistas máis destacados. A colocación das bandeirolas o van tratar con cautela. Na proposta de orzamentos de 2017 haberá unha partida de bolsa de subvencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a xente de Ordes non coñece que temos varios campións de España en varias especialidades deportivas. Isto pode servir como motivación e inspiración a outros rapaces para que vexan que con esforzo chegan éxitos.

- O tendido eléctrico municipal que leva subministración eléctrica ao campo de fútbol de Vilamaior, atópase descolgado no lugar do Carballo.

Esta situación é bastante perigosa xa que o mesmo atópase a unha altura na que unha persoa pode alcanzalo coas mans e mesmo a maquinaria agrícola que traballa as fincas polas que transita, pode bater co mesmo.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á reparación do citado tendido.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- A estrada que enlaza a AC-524 co núcleo do Casal en Vilamaior, inicialmente non chegaba ata a AC-524, se non que ía ata o núcleo de Ansemonde do veciño concello de Frades.

Posteriormente foi prolongada ata a AC-524, servindo ao mesmo tempo en dita zona como límite entre o concello de Frades e Ordes.

A día de hoxe, a vía principal na práctica é a que chega ata a AC-524, polo que consideramos que no cruce de Ansemonde o STOP existente perdeu o sentido, debería estar situado para os vehículos que proceden de Ansemonde na vez de atopalo cando chegas procedente da AC-524.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se inicien contactos co veciño concello de Frades para cambiar a sinalización nese punto, cambiando o sinal de STOP para situalo de cara aos vehículos procedentes de Ansemonde que se queiran incorporar á estrada que comunica a AC-524 co núcleo do Casal en Vilamaior (pasando pola Porpalla).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta proposta é moi lóxica, farán a xestión para ver se se consegue cambiar o sentido principal de circulación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

- Veciños do lugar de Outeiro, na parroquia de Poulo, puxéronse en contacto con este grupo municipal para solicitar un punto de luz nas inmediacións da súa vivenda.

Segundo nos trasladan, hai máis dun ano que solicitaron dito punto de luz ao alcalde e que mesmo este lles chegou a manifestar que “as vivendas novas teñen prioridade”.

A día de hoxe estes veciños seguen sen o citado punto de luz.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á instalación dun punto de luz nas proximidades da citada vivenda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai máis de sesenta solicitudes. É certo que el lles dixo iso. Colocarase en breve tan pronto teñan ocasión e teñamos luminarias. Adquiríronse unhas recentemente, procederase á substitución.

- Na ponte de Pereira recentemente amañada, unha parte da obra consistía na dotación de accesos laterais que permitisen contemplar a ponte medieval por debaixo da ponte nova.

Coa chegada das choivas, produciuse un lavado de ditas ramplas de zahorra que pouco a pouco vanse ir destruindo; o cal demostra que os tubos de conducións de augas pluviais quedaron escasos.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se prolonguen os tubos que conducen as augas pluviais ata as proximidades do río.

A que se proceda á reposición das ramplas de zahorra afectadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con tubos en principio non é viable. Hai que intentar facer unha media caña que protexa máis da circulación da auga. Son coñecedores da situación tanto a dirección técnica como a empresa. Xa estiveron vendo o lugar. Mañá rematan a de Vilamaior. Teñen que pasar a vela e ver como se actúa alí. Hai moita pendiente. Os únicos tubos que se colocaron foron para facer a finca particular. Espera que o arranxen da mellor maneira canto antes.

- Estamos vendo como as beirarrúas do noso concello están plagadas de deposicións caninas.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 34

Levar a cabo iniciativas para informar aos veciños das sancións que hai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se puxeron bastantes carteis no último ano, non son suficientes, ao final a xente actúa como actúa. Hai uns dípticos novos que se estiveron repartindo, están a disposición no mostrador do concello. Subíronse tamén ás redes sociais. Fai un chamamento a que se teña un comportamento cívico e se recollan as deposicións dos cans, é importante que se manteñan as beirarrúas limpas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO -PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Unha veciña de Leira que ten un comercio en Ordes fíxolle chegar un escrito que presentou no concello, por que ten un pequeno comercio de costura no que leva anos a realizar cun profesor clases de costura. Profesor que foi contratado para as actividades do circuíto cultural do concello. Nese escrito pide que non se lle faga unha competencia desleal por que non pode ofrecer as mesmas condicións económicas a este mestre que o concello. A ese escrito contestóuselle que xa había dúas persoas anotadas e que non se ía cancelar a actividade. Pareceulle grave que houbera dúas persoas anotadas cando non se tiña aberto o prazo de inscrición

Na súa condición de voceiro municipal de UXO no concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Evitar facer esa competencia desleal aos nosos comerciantes, buscando outro profesor que xa colabora cun comerciante por que as condicións económicas que lle pode ofrecer as mesmas que dende o concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que manifesta non é de todo certo. Falouse con esta comerciante con anterioridade polo concelleiro delegado de comercio e a tenente de alcalde. En ningún momento se tratou de pisar os seus horarios. Parte das cousas que se din e expoñen no escrito non coinciden coa realidade do que aconteceu. Ofertáronse outros días. A xente estaba contenta co mestre. A actividade saíu adiante por que houbo xente suficiente. Non é certo que houbera anotada xente con anterioridade a apertura do prazo de inscrición. Coñece o escrito pero tamén sabe o que aconteceu.

- A que se debe que haxa unhas farolas Led diante da casa do concelleiro do grupo de goberno en Montaos, se se está a facer algunha proba.

Na súa condición de voceiro municipal de UXO no concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Pode informar ao respecto xa que lle parecía estrano aos veciños e se obedece a algunha actuación que se vai a realizar.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

Intervén o Sr. Mirá Gómez, que sinala que se retiraron onte e se colocaron no camiño inglés.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata de probas no rural, tamén se fixeron no casco urbano na rúa do Mercado. As empresas trouxeron as mostras para ser probadas onde haxa máis facilidade para ser comprobadas en calquera horario, loxicamente neste caso polo concelleiro delegado de mantemento e servizos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que loxicamente diante da súa casa. Está ben, así as ve todos os días. Está ben.

Por último, o Sr. Alcalde abre unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Caamaño Fraga, concelleiro non adscrito, que formula a pregunta seguinte:

- O deterioro da estrada Ordes-Cerceda vai a peor, e as queixas dos veciños son cada día maiores.

Polo que formulo a seguinte pregunta:

Cando comezarán as obras, e cal é o prazo previsto para rematar as mesmas.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde que están pendentes de pagar os depósitos previos, agarda que comecen a continuación.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- O pasado día 11 de febreiro tivo lugar en Boisaca a homenaxe aos veciños fusilados en febreiro de 1937 nos que estiveron representantes de todos os grupos políticos. Na páxina web do concello non apareceu ningún alusión a este acto.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte pregunta:

Por que non se lle deu publicidade a este acto que consideran tan relevante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ninguén lles fixo chega fotografías dese acto. El non estaba. Ao gabinete de prensa non se lles remitiu a comunicación que se fixo ao respecto, se é necesario transcribilo na páxina web farase, levará uns días.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Simplemente con dar un paseo polas parroquias do concello, e mesmo sen necesidade de saír das estradas principais, pódese observar a completa "lei da selva" que existe neste concello, onde o control sobre as plantacións forestais é nulo.

En moitos casos plántase ata a cuneta, sen respectar as distancias ás vías, o cal por outra banda provoca o seu deterioro prematuro e incrementa o risco de accidentes polo asombramento que producen sobre as mesmas.

A situación pódese comprobar como se repite e mesmo se agudiza nas pistas da concentración parcelaria.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿Cantas autorizacións para plantacións forestais se tramitaron no concello de Ordes durante o ano 2016?.

¿Que medidas ten pensado adoptar o goberno municipal para paliar e regular esta situación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde que dende a Lei 7/2012 de montes non se conceden autorizacións para plantacións forestais que é competencia da Consellería do Medio Rural, a ordenanza municipal enténdese derogada pola norma superior que é esa lei. Desta ordenanza unicamente se aplica as autorizacións para a utilización das vías municipais para o transporte de madeira. Novamente hai que facer un chamamento para que se cumpra a lei. É preocupante que moitos dos danos producidos polo último temporal foron derivados do non cumprimento das distancias de plantacións forestais establecidas nesa lei. A Consellería esta a facer unha comprobación do cumprimento destas distancias nas vías de titularidade autonómica. Posteriormente comprobaran as vías de titularidade municipal e as pistas forestais. Ao igual que o concello de Trazo farase un bando dirixido ás parroquias sobre as distancias e as posibles sancións por incumprimento. É importante que se cumpran estas distancias. É preocupante a situación de moitas pistas nas que se pranta na mesma cuneta. É complicado concienciar á xente desta realidade e dos problemas que conleva a posteriori. Debemos esixir que polo ben de todos se cumpra a lei.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e dezanove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO